



TELÉFONO ROJO -“El Hombre del tiempo”

TELÉFONO ROJO é unha liña directa e sen intermediarios entre a creatividade musical de Pelayo Fernández (un galego inquedo, apaixonado co que fai e entusiasmado coa idea de dar a coñecer as súas cancións) e esa parte do teu cerebro na que se gardan as cancións dignas de ser recordadas. “Teléfono Rojo” é puro POP.

Un turbillón de influencias dispares

“TELÉFONO ROJO” presentan o seu primeiro disco "EL HOMBRE DEL TIEMPO", aínda que Pelayo non é un recién chegado, xa con apenas 17 anos formou Los Krápulas, unha banda de garage, punkrock e hardcore melódico coa que deu os seus primeiros concertos. Algunhas experiencias máis como Rúbik e chegamos a principios de 2011 cando o proxecto TELÉFONO ROJO vai collendo forma. E collen forma a base de fusionar influencias de aquí e de alá: The Beatles, Weezer, The Beach Boys, The Who, Los Flechazos, The Byrds, etc...

As cancións xorden unha tras outra ("**Una Vespa blanca y azul**", "**Lulú**", "**Aquellos maravillosos años**"...) ata completar as 12. Foron seis meses de traballo e esforzo, composición, gravación, produción, e mestura ata dar forma a "**EL HOMBRE DEL TIEMPO**". Un álbum de debut que o propio Pelayo define como "*un turbillón de influencias dispares que se serve do pop máis fresco e divertido como eixe central*".

"**Lulú**" é a elixida como canción de apertura para dar a coñecer o álbum e conta co seu videoclip, pop concentrado en menos de dous minutos e é que ás veces os vellos refráns son sabios... "o bo, se breve... "

TELÉFONO ROJO está formado por **Pelayo Fernández**, guitarra e voz; conta con **Iván Vale** ao baixo e voz; e **Peque** guitarra, teclado, harmónica, percusións e coros. Xa teñen preparada a que será a xira de presentación do disco "**EL HOMBRE DEL TIEMPO**".

TELÉFONO ROJO é unha avalancha de optimismo e enerxía, cuxa historia empeza a escribirse xusto aquí...

<p>promo@florynatarecords.com</p> <p>www.florynatarecords.com http://florynatarecords.blogspot.com</p>		<p>telefonorojoband@gmail.com</p> <p>www.myspace.com/TeléfonoRojoband www.facebook.com/TeléfonoRojo</p>
<p>FyN-55 CD – PVP (aconsellado): 11 € – 8435015512620 – distribuye: www.discmedi.com</p>		